

CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYMIX 2021

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



REGULAMENTO PARTICULAR TIPO



PROBA: 4º RALLYMIX CONCELLO DE TOURO

PROVINCIA: A CORUÑA

DATA: 28 E 29 DE AGOSTO DE 2021



INDICE

TITULO I.....: PROGRAMA HORARIO

TITULO II....: ORGANIZACION

Art. 1 Organización

TITULO III....: MODALIDADES XERAIS

Art. 2 Puntuabilidade

Art. 3 Descrición

Art. 4 Vehículos Admitidos

Art. 5 Concursantes Admitidos

Art. 6 Solicitud de Inscripción - Inscripcións

Art. 7 Dereito de Inscripción - Seguros

TITULO IV....: OBLIGACIONES XERALES

Art. 8 Publicidade

TITULO V....: DESENROLO DA PROBA

Art. 9 Recoñecemento

Art. 10 Hora Oficial do RallyMix

Art. 10 Penalizacións

Art. 11 Premios

PROGRAMA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

ANEXO I.....: LICENZAS VÁLIDAS PARA A TEMPADA 2021 (ANUARIO F.G.A.)

ANEXO II.....: FOLLA DE RUTA (ROAD BOOK) STANDARD

ANEXO III....: TERMINOLOXIA

ANEXO IV....: ENCARGADO DAS RELACIONES COS CONCURSANTES

ANEXO V....: ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE

ANEXO VI....: ITINERARIO – HORARIO

ANEXO VII....: PARQUE DE CUSTODIA, DE TRABALLO, E FINAL DE ASISTENCIA, SERÁ O MÁIS PERTO DA SAÍDA DO RALLYMIX.

ANEXO VIII....: CARNET DE RUTA

1.- PROGRAMA.

Data	Horario	PROGRAMA	LUGAR	
09/07/2021	10:00	Apertura de inscricións (pilotos inscritos Campionato Galego).		
10/07/2021	10:00	Apertura de inscricións (resto de pilotos).		
23/08/2021	20:00	Peche de inscricións		
25/08/2021	18:00	Publicación lista de inscritos		
Sábado 28/08/2021	08:00	Distribución da folha de ruta para o recoñecemento libre dunha única pasada polo treito a unha velocidade non superior ós 60 quilómetro.	ESCUDERIA TOURO MOTOR Telf.: 607110099 – 676761011 e-mail: escuderiatoromotor@gmail.com	
	08:00	Entrega de documentación		
	De 09:30 a 11:30	Verificacións Administrativas: Mesa A: Carcross Mesa B: Atmosféricos Mesa C: Turbos		PARA FACER A INSCRICIÓN: https://forms.gle/xMSPkWFtgN1M7uDk6
	De 10:00 a 12:00	Verificacións Técnicas: Calle A: Carcross Calle B: Atmosféricos Calle C: Turbos		
	De 09:30 a 11:30	Os recoñecementos libres quedan limitados a tres pasadas polo treito en horario taxado para tódolos equipos, e terase que facer a velocidade moderada, non pasando de 60quilómetro. por hora en todo o treito, en vehículos de calle.	OBRIGATORIO PASAR ANTES AS VERIFICACIÓNS ADMINISTRATIVAS 3 PASADAS MÁXIMO POR PARTICIPANTE	
	13:30	Breaing no parque de traballo		
	14:00	Hora límite presentación vehículos no parque de presáida.		
	14:30	Publicación lista vehículos autorizados a toma-la saída		
	A continuación	15:30	Saída 1º participante 1ª pasada	TREITO
			Saída 1º participante 2ª pasada	
		Saída 1º participante 3ª pasada		
Domingo 29/08/2021	09:00	Saída 1º participante 4ª pasada	AUTOBUS F.G.A.	
	A continuación	Saída 1º participante 5ª pasada		
			Publicación de resultados	AUTOBUS F.G.A.
		Entrega de premios e trofeos	TOURO	

Nota: Levantamento vehículos parque de custodia-parque de traballo (unificados): Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos, sen ter que esperar ás entregas de premios.

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Dende o día (Sábado) 28 de AGOSTO de 2021 as 08:00 horas, ata o día (Domingo) 29 de AGOSTO de 2021 as 16:00 horas estará situado no Autobús da F.G.A. permanente do RallyMix, emprazado no parque de traballo-parque de custodia.

2.- ORGANIZACIÓN.

Artigo 1.- Organización.

Artigo 1.1.- Definición:

A Escudería Touro Motor organiza o 4º RALLYMIX CONCELLO DE TOURO que se desenrolará desde os días 28 de AGOSTO ó día 29 de AGOSTO do ano 2021.

Este RallyMix disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2021, as prescricións comúns para rallyes, montaña, autocross, slalom, todoterreo, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, as condicións de organización comúns ós Campionatos do Mundo, de Europa, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 9 DE XULLO DE 2021. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-017-RX, con coeficiente (7).

Artigo 1.2.- Comité de Organización:

Presidente:

D. JOSE R. GONZALEZ VILLAR

Vocais:

D. ADOLFO MAREQUE MARTINEZ

D. RUBEN BREA GONZALEZ

D. DAVID GONZALEZ SOUTO

Secretario:

D. JOSE MURADO GONZALEZ

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

ESCUDERIA TOURO MOTOR

RÚA PUCHO BOEDO, S/N.

15822 TOURO (A CORUÑA)

Teléfono: 607 110 099

e-Mail: escuderiatouromotor@gmail.com**Artigo 1.3. Oficiais:****Presidente Escudería/Comité Organizador:**

D. JOSÉ R. GONZALEZ VILLAR

DC1-0088-GA-AUT

Comisarios Deportivos:

Presidente:

D. CRISTIAN FERNANDEZ GONZALEZ

CD1-0638-GA-AUT

D. JOSE RAMON SIERRA FREIRE

DC1-0089-GA-AUT

D. VICTORIANO GONZALEZ BOULLOSA

CD1ª-0001-GA-AUT

Observador da F.G. de A.:

D. BRUNO T. RIVERA PAZOS

OBS-0062-GA-AUT

Director da Carreira-Oficina /Autobús:

D. JOSÉ R. GONZALEZ VILLAR

DC1-0088-GA-AUT

Comisarios Técnicos:

Presidente:

D. ANTONIO M. RODRIGUEZ CAEIRO.

OC-0361-GA-AUT

D. JOSE MANUEL MONTOTO ORREA

JOC1-0356-GA-AUT

Responsable Equipos Cronometraxe:

D. AUGUSTO C. BARREIRO SANCHEZ

OD-0675-GA-EST.

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. DIEGO BESADA GONZALEZ

DC1ª-0008-GA-AUT

Vehículo "0" (DIRECTOR NA ESTRADA):

Verde

D. ADOLFO MAREQUE MARTINEZ

CD1-0637-GA-AUT

Vehículo "00" (ESCOBA):

Vermello

D. ANTONIO MAREQUE MARTINEZ

CD1-0636-GA-AUT

Servizo vehículos de rescate: COCHES R F.G.A.

Servizo informático e publicación de tempos: Federación Galega de Automobilismo

Servizo médicos: Team Medical Galicia

Servizo de ambulancias: AMBULANCIAS NORDES, S.L.

Centros asistenciais: HOSPITAL XERAL DE SANTIAGO, HOSPITAL CLINICO UNIVERSITARIO, e os designados por concerto pola CIA aseguradora Allianz.

Servizo de grúas: GRÚAS SANCHEZ.

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO, polo menos sete días antes da celebración da proba, apercibindo da perda do coeficiente polo seu incumprimento.

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza CD1ª, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.

3.- MODALIDADES XERAIS.

Artigo 2.- Puntuabilidade.

O 4º RALLYMIX CONCELLO DE TOURO é puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:

- Campionato Clase A.
- Campionato Clase B.
- Copa de Galicia de RallyMix para Pilotos.
- Copa de Galicia de RallyMix para Copilotos.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 1.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 2.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 3.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 4.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 5.
- Copa de Galicia de RallyMix para Escuderías

(debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante expedida pola F.G. de A.).

- Copa de Galicia de Marcas de Carcross.
- 7ª Copa Pirelli K6.
- E as que designe a F.G. de A.

Artigo 3.- Descrición.

O 4º RALLYMIX CONCELLO DE TOURO consta dun percorrido de 10,400 quilómetros, dos cales 9,200 quilómetros corresponden a 1 treito cronometrado por pistas de terra/asfalto pechada ó tráfico; está dividido en dúas etapas e 5 pasadas polo mesmo treito. O Itinerario-Horario figura no Anexo III do presente Regulamento. Na folia de ruta consta detallado o percorrido. O RallyMix terá no mesmo lugar un parques de traballo/parque de custodia.

Artigo 4.- Vehículos admitidos.

4.1.- En tódolos RallyMix, puntuables para o Campionato e Copas de Galicia, serán admitidos os vehículos seguintes:

- .- Tódalas Agrupacións do regulamento do Campionato de Rallyes 2021 serán admitidos a participar.
- .- Os vehículos de Montaña das Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5, ó selo circuíto pechado tipo da especialidade de Montaña/Rallymix.
- .- Os vehículos de Autocross das Clases I, II, III e IV.
- .- Os ATV biplazas, con volante ou prototipos, autorizados pola Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo, inclúense a tódolos efectos de participación e de premios na Agrupación 1, saíndo despois dos carcros e deseguido, antes dos vehículos carrozados.
- .- Os carcros, da especialidade de Autocross, e os ATV, admítense con clasificación independente (Clase A) farase unha clasificación xeral scratch exclusiva con premios en metálico e trofeos.

4.2.- Tódolos vehículos deberán cumprir co regulamento técnico do seu campionato de procedencia, agás os vehículos turboalimentados, ou con compresor, que non terán obriga de instalar ningún tipo de brida restrictora, sendo libre o instalala ou non.

4.3.- Os vehículos deberanse presentar ás verificacións nun estado impecable de chapa e pintura, non presentando ningunha aresta cortante na súa carrocería.

4.4.- CLASES:

CLASE "A":

AGRUPACIÓN 1: Vehículos carcros ata 600 c.c., dúas rodas motrices e sen diferencial nin autolocante, e vehículos quad tipo Polaris e demais homologados pola F.G. de A.

CLASE "B":

AGRUPACIÓN 2: Vehículos ata 1.600 c.c.

AGRUPACIÓN 3: Vehículos máis de 1.600 c.c. ata 2.000 c.c.

AGRUPACIÓN 4: Vehículos máis de 2.000 c.c. ata 3.000 c.c.

AGRUPACIÓN 5: Máis de 3.000 c.c. e prototipos de 1 ou 2 motores de moto ou vehículos SCC.

4.5.- Tódolos vehículos de Clase B deberán tomar a saída coa roda de reposto xunto coa ferramenta necesaria para a súa substitución (debidamente suxeitas). No caso de non cumprilo non poderán tomar saída na manga; polo que se lle aplicará o tratamento de vehículo non saído.

4.6.- Tódolos vehículos de clase B deberán tomar a saída coa roda de reposto xunto coa ferramenta necesaria para a súa substitución (debidamente suxeitas). No caso de non cumprilo non poderán tomar saída na manga; Polo que aplicáraselle o tratamento de vehículo non saído.

4.7.- A tódolos efectos, considerase constituída unha clase, coa saída dun só vehículo.

Artigo 5.- Concursantes admitidos.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no anexo I do Anuario Deportivo 2021 publicado pola Federación Galega de Automobilismo. Tódolos pilotos deberán ter o Carné de conducir en vigor.

Artigo 6.- Solicitud de inscrición/s.

6.1.- Toda persoa que desexe participar no 4º RALLYMIX CONCELLO DE TOURO deberá remiti-lo abono da inscrición, debidamente cumprimentado, na páxina web da Federación Galega de Automobilismo. <http://www.fga.es>.

PARA FACER A INSCRICIÓN: <https://forms.gle/xMSpKwFtgN1M7uDk6>

ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 23 de AGOSTO de 2021.

6.2.- O peche de inscricións realizarase, con data límite, cinco días (luns) antes do principio da proba. A relación completa de inscritos, coa adxudicación do número de orde, será aprobada e autorizada polo habilitado da Federación Galega de Automobilismo, despois de comprobar tódalas directrices, para a súa publicación con tres días de antelación ó comezo da proba.

6.3.- **IMPORTANTE:** Todo equipo ten que cumprimentar telemáticamente en "www.fga.es" o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario de inscrición suporá o refusamento da mesma.

6.4.- O nº de inscritos fíxase nun máximo de 160 vehículos.

6.5.- Os dereitos de inscrición terán que ser satisfeitos da seguinte forma:

.- Na conta corrente nº **ES58 2080 0321 7730 4000 7995 (ABANCA)**.

6.6.- Admitiranse inscricións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

6.7.- A orden de recepción da solicitude de inscrición, así como dos dereitos de inscrición, será o determinante para a confección da Lista de Inscritos.

6.8.- As Listas de Inscritos serán propostas polo Comité Organizador á F.G. de A. O habilitado revisará, e reorganizará a mesma si fora necesario, para axustalas potencias e capacitación dos pilotos a lista de inscritos, real e efectiva.

Artigo 7.- Dereitos de inscrición-segueros.

7.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

7.1.1.- **260,00 €.** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

7.1.2.- **520,00 €.** Refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe selo dobre que o apartado 7.1.1.).


7.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscrición abonados.

7.3.- Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

4.- OBRIGACIÓN XERAIS.

Artigo 8.- Publicidade. A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte:

Obrigatoria



Facultativa: A DESIGNAR EN COMPLEMENTO

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reservalos emplacements seguintes (según a normativa da F.G.A.): A DESIGNAR EN COMPLEMENTO.



8.1.- Todos os carcros deberán levar un aletín no teito de material plástico, dunhas medidas non inferiores a 250mm x 180mm alto, para a colocación dos números que serán entregados separados da placa e a publicidade exclusivamente para estes vehículos.

5.- DESENROLO DA PROBA.

O desenrolo do RallyMix terá tres mangas de recoñecemento libre o sábado no horario establecido no regulamento particular (mínimo dúas horas) para tódolos equipos, sendo imprescindible que pasarán as verificacións administrativas antes de recoñecer o treito, non podendo superar, no recoñecemento do treito, os 60 quilómetros./hora. e cinco oficiais a disputar entre sábado e o domingo, sumando as cinco mangas oficiais para obter a clasificación final do RallyMix (asfalto-terra). O punto de detención e arrancada dos vehículos en saída debe ser a 6 metros antes da liña de toma de tempos (fotocélulas).

Artigo 9.- Normas, duración e clasificación da proba.

9.1.- O treito terá unha lonxitude mínima de 6 quilómetros e máxima de 12 quilómetros. Excepcionalmente á solicitude do organizador, poderase facelo treito de 15 quilómetros con informe favorable do Xefe de Seguridade da F.G. de A. Para este tipo de probas mixtas é obrigatorio que como máximo unha superficie non rebase o 70% da outra. Pódese intercalar asfalto-terra, ou terra-asfalto.

9.2.- Que a saída e a chegada fágase en asfalto, con a lo menos unha lonxitude da mesma de 25 metros dende a liña de fotocélulas, antes do primeiro cambio a superficie de terra.

9.2.1.- Crearase unha zona de presaída debidamente sinalizada e controlada polos comisarios técnicos e de saía onde se recollerán os carnés de ruta, e se comprobará que os participantes vaian cumprindo coas normas de seguridade (levar a roda de reposto, casco, luvas, collarín ou hans, etc...)

9.3.- O número máximo de treitos cronometrados será de un.

9.4.- O número máximo de pasadas polo treito será de cinco a computar no RallyMix. Por operatividade o numero de pasadas polo treito, o sábado, será 2/3, e o domingo de 3/2. O condicionante da luminosidade, e do número de participantes, autoriza a Exclusivo criterio do Director de Carreira a tomala decisión.

9.5.- Nun RallyMix non se poderá utilizar o treito cronometrado, nos dous sentidos.

9.6.- Publicaranse unhas medidas de seguridade, especiais e complementarias á normativa F.I.A., para os vehículos de autocross, carcros, trial 4x4, quad, ou prototipos autorizados pola Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo.

9.7.- Entregarase, en tódolos RallyMix, un "Road Book" do treito cronometrado, con fotos a cor dos cambios de asfalto-terra e terra-asfalto, e enviarase a F.G.A. xunto co Regulamento Particular. Entregaranse unhas notas, confeccionadas polo organizador da proba. Recoméndase a publicación na páxina da F.G.A. o vídeo do treito para facilitar os recoñecementos os equipos sen copiloto cun mínimo de 5 días de antelación a proba.

9.8.- **BRIEFING:** O organizador deberá prever un briefing a realizar despois das verificacións e antes da primeira manga oficial do sábado. O Director de Carreira reunirá ós pilotos participantes co fin de impartilas normas de condución, e observacións pertinentes. Deberán asistir tódolos pilotos inscritos na proba obrigatoriamente e con control de asinamento so pena de exclusión.

9.9.- As curvas estarán sinaladas por dificultade, e grado de inclinación, con frechas direccionais en cores vermello, e amarelo.

9.10.- Sinalización, montaxe e seguridade según as prescricións comúns de rallyes da FGA. Colocarase as pancartas F.I.A., segundo o estipulado para sinalizar o treito.

9.11.- Taboleiro de avisos: Será obrigatoria a instalación dun taboleiro de avisos na secretaría da proba, parque presaída e parque de custodia onde estarán expostos (anexos, citacións a participantes, tempos, seguros, etc.). Recomendase tamén a instalación dun panel de tempos situado no parque traballo de fácil acceso ós participantes.

9.12.- A normativa sobre a instalación de "CHICANS" en Montaña rexerese polo publicado no Artigo 25 das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia do Anuario 2021 da Federación Galega de Automobilismo.

9.13.- Emitirase un carné de ruta por manga, utilizando o modelo publicado no Regulamento Particular Tipo da F.G.A., que será entregado nun punto do parque de traballo asignado (mediante comunicado polo organizador) e entregado os pilotos. Dito carné deberá ser entregado polo Xefe de Parque.

Artigo 10.- Recoñecementos:

10.1.1.- Os recoñecementos libres quedan limitados a tres pasadas polo treito en horario taxado para tódolos equipos (con e sen copiloto). Nos recoñecementos só poden ir no vehículo os participantes, prohibíndose acompañantes alleos á inscrición. Os inscritos, sen copiloto, poden recoñecelo treito coa súa asistencia, debidamente licenciado, e figurando como asistencia na mesma táboa.

10.1.2.- A primeira infracción será penalizada cunha sanción económica de 200 €, a abonar polo concursante á Federación Galega de Automobilismo nas 48 horas seguintes á celebración da proba.

10.1.3.- A segunda infracción se penalizará con "NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA", pola reincidencia.

10.1.4.- Por incorrer nunha infracción nos puntos 10.1.2 e 10.1.3 será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para aperturar a incoación do expediente disciplinario no seu caso.

10.1.5.- Si unha escudería fai un treito cronometrado, na mesma tempada, non se poderá utilizalo mesmo treito por outra entidade organizadora.

10.1.6.- Pola Federación Galega de Automobilismo notificárase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico e Rural, para seguir un control rigoroso e exhaustivo, conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990 de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adoptar-las medidas federativas que no seu caso procedan.

10.1.7.- O Comité Organizador designará un Comisario / Controlador, debidamente licenciado e acreditado, que fará partes dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da proba.

10.1.8.- A Federación Galega de Automobilismo designará dous Comisarios / Controladores, debidamente licenciados e acreditados, con poderes sancionadores (radar).

10.1.9.- Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor laranxa) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan o recoñecemento autorizado. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación na proba, do vehículo participante infractor.

10.1.10.- Os recoñecementos libres quedan limitados a tres pasadas polo treito en horario taxado, e teranse que facer a velocidade moderada, non pasando de 60 quilómetro. por hora en todo o treito, en vehículos de calle, non podendo empregar o vehículo co que participa o equipo.

10.1.11.- Queda terminantemente prohibido volver a saída polo mesmo treito.

10.1.12.- Ós participantes que se atopen recoñecendo o treito, ilegalmente, fora das horas sinaladas serán penalizados con exclusión da proba, a todos los efectos, e apertura de expediente disciplinario.

Artigo 11.- Carreira.

11.1.- A oficina oficial da proba estará instalada no autobús da Federación, sito na saída do treito.

11.2.- O autobús terá instaladas dúas sirenas de barco. Infórmase que para o comezo, aviso, de cada manga de competición farase dende o autobús da Federación cun toque (1 minuto) de 2 sirenas de barco, de 130 dB, da saída do vehículo 0 (Director de carreira en estrada).

11.3.- Presaída: O xefe de posto ou calquera dos comisarios técnicos revisarán, o cal recollerán o carné de ruta e comprobarán as medidas de seguridade (arneses, casco, vestimenta, extinción..) así como a existencia de roda de reposto nas condicións establecidas no Regulamento.

11.3.1.- Saída: O xefe de posto, encargarse de situalo vehículo no posto ou liña de saída. Unha vez dada a sinal de saída, ou a posta en funcionamento da pantalla HL-920, se o tempo transcorrido desde dito instante ata a activación do cronometraxe é superior a 30 segundos será causa de penalización en tempo igual ós segundos transcorridos desde a orde de saída (manual ou pantalla HL-920) ata o instante de activación da cronometraxe.

11.4.- A saída darase lanzada, cun mínimo de 6 metros por detrás da célula, e o tempo será a milésima de segundo ao rebasar a célula.

11.5.- Calquera participante que non saía no seu número correspondente penalizará 30 segundos, coa salvidade de que se non sae antes do derradeiro participante da súa agrupación contabilizárase como non saído no treito. A normativa faise para favorecer as reparacións dos equipos que o precisen, cunha penalización taxada.

11.5.1.- Cando un participante contabilizase como non saído no treito, daráselle o tempo do peor clasificado (Descontando o tempo de calquera participante que estivese parado no treito), na mesma manga, da agrupación a que pertence.

11.6.- Todo vehículo alcanzado deberá deixar libre o paso minorando a marcha e facilitando a manobra do vehículo co alcanza. Si por calquera motivo se ve obrigado a deterse en carreira, o condutor deberá situalo de forma que non represente un perigo para os demais participantes. Está especificamente PROHIBIDO desprazarse en sentido contrario ó da carreira; o incumprimento desta norma será motivo de EXCLUSIÓN, e proposta de apertura de expediente disciplinario.

11.7.- Calquera equipo que non finalice unha manga, daráselle o tempo do peor clasificado (descartando o tempo de calquera participante que estivera parado no treito), na mesma manga, da Agrupación a que pertenza máis 30 segundos. Terá que estar a disposición, na grella de saída, das seguintes mangas, poderá continuar no RallyMix. Para aparecer na clasificación final terase que completar polo menos un treito ó completo por día (Sábado e Domingo).

11.8.- Un participante que teña que parar no treito, por causas alleas a súa vontade, ou impedimento de paso doutro vehículo outorgaráselle o tempo da súa peor pasada. De non existir será a criterio do Colexio de Comisarios Deportivos, ou o peor tempo da súa Agrupación sendo obrigatorio o paso por meta.

11.9.- De saír na última manga e non chegar a meta darase o tempo do peor clasificado da súa Agrupación máis 30 segundos.

11.10.- Unha vez rebasada a liña de meta, os participantes deberán dirixirse o parque de custodia-traballo sen deterse no enlace, so pena de EXCLUSIÓN

11.11.- Os vehículos avariados ou sinistrados, no treito, serán retirados pola organización, con todoterreos 4x4 (con eslinga); ou con guindastres, se fora preciso, por non poder circular polos seus medios exclusivamente.

Os rescates faranse na medida das posibilidades da organización, entre cada manga, e retíranse a totalidade dos vehículos sinistrados ou avariados ó final de cada día do evento deportivo.

11.12.- Terase en saída un mínimo de 2 vehículos de tiro (4x4) ademais dunha grúa plataforma.

11.13.- Recoméndase o uso de 1 ambulancia 4x4, ademais das ambulancias SVA e SVB obrigatorias.

Artigo 12.- Parque De custodia - Parque de Traballo.

12.1.- O parque de traballo, terán que ser o mesmo, e sempre en réxime de reparación, coa salvidade do tempo perceptivo da publicación da clasificación final do RallyMix, no que non se poderá manipular o vehículo só pena de exclusión. A súa situación debera estar o mais próxima a saída e meta do treito cronometrado. No caso de facer parque de custodia terá que estar ubicado dentro do parque de traballo.

12.2.- Parque de presaída deberá estar delimitado e considerarase parque de custodia, debendo entrar nel os participantes na súa orde de saída, non podendo estar dentro do mesmo outros membros do equipo que non sexan os tripulantes do vehículo competidor.

Artigo 13.- Hora oficial do RallyMix.

1.- Durante o transcurso do RallyMix, a hora oficial será a emitida polo reloxo atómico do Instituto de Brunswick (Alemania).

2.- O Director de Carreira designarán, in situ, a hora de saída de cada treito. O Xefe de parque entregará, antes do comezo da manga, o carné de ruta a cada participante no lugar designado do parque de traballo polo organizador. A aplicación faise para axilizar o RallyMix, e poder repescar a participantes con problemas, debido á flexibilización dos horarios.

Artigo 14.- Penalizacións. As penalizacións son as previstas no Regulamento-Tipo Xeral de RallyMIX da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2021.

Artigo 15.- Premios.

XERAL SCRATCH "CLASE A"		
AGRUPACIÓN 1 (CARCROSS)		
1º 500 € e Trofeo		
2º 400 € e Trofeo		
3º 250 € e Trofeo		
4º 150 €		
TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 1.300 €.		
XERAL SCRATCH "CLASE B"		
AGRUPACIÓN 2, 3, 4 e 5		
XERAL	PREMIOS POR CILINDRADAS	
1º 500 € e Trofeo		
2º 400 € e Trofeo	ATA 1.600 C.C. (Ag. 2)	MÁIS DE 1.600 C.C. ATA 2.000 C.C. (Ag. 3)
3º 300 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo
4º 250 €	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo
5º 200 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo
6º 150 €		
7º 150 €	MÁIS DE 2.000 C.C. ATA 3.000 C.C. (Ag. 4)	MÁIS DE 3.000 C.C. (Ag. 5)
8º 100 €	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo
9º 100 €	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo
10º 100 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo
TOTAL: 2.250 €	TOTAL: 2.400 €	
TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 4.650 €EUROS.		

Será obrigatorio que o piloto recolla o Trofeo na Entrega de Premios, co mono de competición debidamente abrochado, só, e sen familiares, seareiros, nin mecánicos.

Don JOSE R. GONZALEZ VILLAR, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC1-0088-GA-AUT, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Fdo: Director da Proba
N.I.F.: 33279440G
Licenza DC1-0088-GA-AUT

Entidade: ESCUDERIA TOURO MOTOR
C.I.F.: G70120738
Fdo: Presidente D. JOSE R. GLEZ. VILLAR
Licenza DC1-0088-GA-AUT



Fdo: Xefe de Seguridade Vial
N.I.F.: 77414817Z
Licenza DC1ª-0008-GA-AUT

PROGRAMA-HORARIO DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS			
REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	28 DE AGOSTO DE 2021	08:00	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en : NO AUTOBÚS DA F.G.A.
2ª		14:30	
3ª	29 DE AGOSTO DE 2021	15:00	
4ª			
5ª			

ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIÓNS E RUTAS:

1.- Amparándonos no artigo 27.2 do noso Estatuto de Autonomía, onde Galicia ten a competencia en materia de deporte en "exclusiva", por acordo de Xunta Directiva e Comisión Delegada, de data 1 de Outubro de 2020, e refrendo da Asemblea, emitirase "LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS" que habilitarán para participar en probas Autonómicas de Galicia. A Federación Galega de Automobilismo entende que é posible a convivencia de ambas licenzas (LICENZA AUTONÓMICA DE GALICIA-EXCLUSIVA E LICENZA AUTONÓMICA ÚNICA-ESTATAL) a vista do declarado polo Tribunal Constitucional en sentenza 32/2018 do 18 de abril de 2018. Asimesmo en apoio desta tese, o Xulgado Central do Contencioso Administrativo Número 2, de Madrid, ditou sentenza do 22 de Setembro de 2020 nos autos de recurso contencioso administrativo 13/2019 na que estimando a demanda interposta polo Presidente da Federación Galega de Piragüismo fronte a resolución do 8 de marzo de 2019 do "Tribunal Administrativo do Deporte" declara a nulidade da mesma e condena as demandadas, "Tribunal Administrativo do Deporte" (do C.S.D.) e "Real Federación Española de Piragüismo" a pasar pola devandita declaración. Déixase polo tanto sen efecto as sancións, económica e de inhabilitación, que se lle impuxeron ao Presidente da Federación Galega de Piragüismo por emitir "LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS" nas tempadas de 2015, 2016, 2017 e de 2018. Na resolución ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo Número 2, de Madrid, polo que ós licenciados de Galicia lles interesa razoase que:

Como resultado das alegacións das partes a F.G. de P. só ingresou a R.F.E. de P. a parte correspondente a mesma das "LICENZAS AUTONÓMICAS ÚNICAS-ESTATAIS" tramitadas na Galicia, e non así as da parte das "LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS", por entender que coexisten estes dous tipos de licenzas, e que non procede neste último caso.

O Tribunal Constitucional na súa sentenza de pleno, número 33/2018, de 12 de Abril do 2018, recurso de inconstitucionalidade número 3447/2015, apreciou a inconstitucionalidade do que se denomina efecto "transversal" ou "horizontal" da "LICENZA AUTONÓMICA ÚNICA-ESTATAL", non o "vertical" o que impide declarar a nulidade do precepto impugnado no seu conxunto, o artigo 23 da Lei 15/2014, de 16 de setembro, da racionalización do sector público, polo que se modificou o apartado 4 do artigo 32, da Lei 10/1990 do Deporte, realizando no seu lugar unha interpretación do mesmo conforme á Constitución (FJ 3º Letra F). Trátase dunha resolución xudicial que xunto á xa mencionada do Tribunal Constitucional supón devolver ás Federacións Autonómicas de Galicia as "competencias exclusivas" de que foron privadas coa modificación do artigo 32.4 da Lei 10/1990 do Deporte.

.- Ademais nun momento como o presente no que as dificultades para o "deporte de base" víronse agravadas pola pandemia do Covid-19 supón unha conquista para o Deporte Autonómico de Galicia xa que suporá abaratar custos (o 90% só participan en probas autonómicas de Galicia) ós deportistas que unicamente queren participar en probas autonómicas e poderán obter unha "LICENZA AUTONÓMICA DE GALICIA-EXCLUSIVA" cun custo inferior. A decisión tomouse para beneficiar economicamente os licenciados autonómicos, que participarán con "Licenza Autonómica Galicia-Exclusiva" en probas autonómicas (non estatais) co conseqüente abaratamento.

2.- A vista de que varias federacións non esixen para a obtención de licenza de piloto ser titular dun permiso de condución como modo de verificar que o condutor ten os requisitos de capacidade, coñecementos, e habilidade necesarios para a condución dun vehículo, que establece o artigo 61 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, a Federación Galega de Automobilismo non permite a participación de pilotos que non estean en posesión dun permiso de condución, expedido pola D.G.T. ou organismo equivalente doutro país, para poder conducir un vehículo de competición en vía pública, con ou sen proba deportiva, aínda que estean en posesión dunha licenza federativa. Os maiores de 16 anos e menores de 18 anos só poden participar, estando en posesión de licenza federativa de piloto, en circuitos pechados (circuíto de velocidade, circuíto de autocross, ou circuíto de karting).

3.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licenza da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo", a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

4.- Para garantir a responsabilidade a que houbese lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2020, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e demais eventos a celebrar en Galicia: A.- Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licenza do membro que faga as labores de asistencia. B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante na mesma proba. C.- Todo participante que non sinale na folla de inscrición o nome, apelidos, e licenza da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomala saída.

5.- Tódolos Campionatos, Supercampionatos, e Copas de Galicia, a partir da tempada 2021 inclusive, serán considerados "OPEN"; agás a PXP 21 Junior, as Fórmulas de Promoción, e para participar e puntuar nestas, só se poderá coas as Licenzas Autonómicas de Galicia Exclusivas.

6.- Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2021, sexan considerados "Open".

7.- Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", non serán expedidas nen admitidas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, nen forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", os permisos de participación (ER, COR, PPP, PPC, PPK), posto que son permisos que outorgan dereitos restrinxidos ou limitados a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na "Federación Galega de Automobilismo", e por tanto incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia que establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das "Licenzas Autonómicas de Galicia-Exclusivas", no seu apartado terceiro, que no seu caso, estas outorgarán, ao seu titular a condición de membro da Federación Galega de Automobilismo, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación Galega de Automobilismo, con dereito a voto, e ser elexible nos procesos electorais da Federación Galega de Automobilismo. As Licenzas Autonómicas Únicas Estatais, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na Federación Galega de Automobilismo.

8.- A Licenza que da dereito a voto, e ser elexible nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo" e a "Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva". A "Licenza Autonómica Única-Estatal" non da ningún dereito a voto, nin outorga a condición de elexible nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo".

9.- Poderase participar e puntuar, sen ningún tipo de discriminación, en tódolos Campionatos de Galicia de Automobilismo coa "Licenza Autonómica Única-Estatal" e coa "Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva".

10.- Se calquera licenciado autonómico quixera ampliala súa licenza a Autonómica Única-Estatal terá que aboar , a maiores, o 25% que se lle ten que aboar a "Real Federación Española de Automobilismo" mais quince euros de gastos de tramitación, impresión, envío por mensaxería, e notificación de alta no arquivo da "Real Federación Española de Automobilismo".

11.- Convivencia da "Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva" e da "Licenza Autonómica Única-Estatal" para a tempada de 2021 e vindeiras.

ANEXO II
FOLLAS DE RUTA (ROAD-BOOK) STANDARD
CONDICIONS OBRIGATORIAS

- 1.- O sentido de lectura será de arriba cara abaixo.
- 2.- A unión das follas efectuarase con unha espiral plástica ou metálica que permita una apertura de 360° e sexa resistente a numerosas manipulacións.
- 3.- Ó principio das follas de ruta deberá figurar unha páxina explicativa cos símbolos utilizados (alomenos en dous idiomas en probas internacionais).
- 4.- Indicarase unha referencia para calibrar o conta-quilómetros.
- 5.- Na parte superior ou inferior das follas deberá figurar o número da etapa, sección e sector, o tempo impartido, o quilometraxe e eventualmente os controles de paso.
- 6.- Cada páxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar.
- 7.- Cada información será numerada e separada da seguinte por unha liña horizontal, volvendo a cero a numeración despois de cada control horario.
- 8.- As informacións moi próximas, e dicir, con distancia inferior a 100 m, non serán separadas entre sí.
- 9.- Toda información que non poida ser facilmente identificable dende a estrada deberá aparecer entre parénteses.
- 10.- Para cada control horario, control de paso, saída e chegada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicaranse con precisión a localización dos controles.
- 11.- As sinais de tráfico reproducidas deberán corresponder o seu emprazamento exacto sobre a ruta.
- 12.- Os principais paneis de cambio de dirección que existan na ruta, deberán aparecer encadrados, e si aí un cambio de dirección, coa frecha sinalando a dirección real.
- 13.- A localización dos diferentes controis terá que ser indicada con precisión.
- 14.- Cada sector comezará nunha páxina nova.
- 15.- Os treitos cronometrados deberán resaltar do resto do texto (por exemplo cun recadro).
- 16.- En cada debuxo, o punto de orixe situarase na parte inferior.
- 17.- Os paneis de dirección que non correspondan á ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados.
- 18.- Sinalaranse os lugares que precisen dunha atención particular con un, dous ou tres signos de exclamación.
- 19.- A presentación de cada páxina deberá ser suficientemente ampla.
- 20.- Autorízase un máximo de seis debuxos por páxina.
- 21.- As indicacións deberán ser facilmente lexibles (tendo en conta que poderán ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha).
- 22.- Nas follas de ruta, os puntos de seguridade deberán estar sinalados polo seguinte signo:



- 23.- A saída, e a meta dos treitos e os parques de custodias e de traballo, deberán estar sinalados con latitude e lonxitude.

SUXERENCIAS:

- 1.- Indica-la velocidade media dos treitos de enlace.
- 2.- Indicar nos treitos cronometrados o mellor tempo realizado en edicións precedentes do RallyMix.
- 3.- Facer figurar os puntos de referencia ben diferenciados (ex. panel de entrada a un casco urbano).
- 4.- Sinalar os cambios de piso (de asfalto a terra, de terra a asfalto) por un dobre trazo de liña vertical.

Tódolos puntos que non se describen, se deixan a liberto do Organizador.

MODELO DE FOLLA DE RUTA (ROAD-BOOK)

4º RALLYMIX A GUDIÑA			Distancia	Tiempo Ideal	Media
Páx	ETAPA	1ª e 2ª	Kms.		
	SECCIÓNS	1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª	ROAD BOOK LIBRO DE SEGURIDADE		
DISTANCIA		DIRECCIÓN	INFORMACIÓNS		DISTANCIA A SAÍDA
TOTAL	PARCIAL				
0,150 Kms.	0,150 Kms.	1 TREITO NEUTRALIZADO (P. TRABALLO A SAÍDA TC-1) 		SAÍDA DE P. DE TRABALLO A SAÍDA TC-1 ASFALTO 	0,150 Kms.
0,080 Kms.	0,080 Kms.	2 		TREITO NEUTRALIZADO (P. DE TRABALLO A SAÍDA TC-1) ASFALTO 	0,070 Kms.
0,150 Kms.	0,070 Kms.	3 		SAÍDA TREITO CRONOMETRADO ASFALTO 	0,000 Kms.
0,000 Kms.	0,000 Kms.	4 Rua Corredoira - A GUDIÑA SAÍDA 		SAÍDA TREITO CRONOMETRADO ASFALTO 	DISTANCIA A META 11,250 Kms.
0,050 Kms.	0,050 Kms.	5 	MOITO OLLO 	CAMIÑO VECINAL (TC-1) ASFALTO PROHIBIDO PÚBLICO 	11,200 Kms.

Sector de enlace Sección	Itinerario comprendido entre dous controis horarios sucesivos. Conxunto de sectores de enlace comprendidos: - entre a saída dunha etapa e o primeiro reagrupamento. - entre dous reagrupamentos sucesivos. - entre o último reagrupamento e a chegada dunha etapa do RallyMix.
Etapa	Cada unha das partes do RallyMix separadas por unha parada de polo menos oito horas, ou por unha parada polo menos igual á duración do percorrido efectuado, si este e inferior a sete horas.
Neutralización Reagrupamento	Tempo durante o cal os equipos son parados pola organización, por calquera razón. Detención prevista pola organización para permitir por unha parte a volta ao horario teórico, e por outra parte reagrupar os equipos que quedan en carreira. Os tempos de detención poden ser diferentes para os equipos.
Parque De custodia	Zona na que ningunha reparación nin intervención e posible, salvo nos casos expresamente previstos polos Regulamentos dos Campionatos de Galicia e polo regulamento particular da proba.
Complemento	Boletín Oficial que forma parte integrante do regulamento particular da proba e está destinado a modificar, precisar ou completar a este último. Os Complementos son publicados pola organización, ata o día das verificacións. Deben ser sometidos a aprobación pola F.G.A., salvo no que respecta a eventuais modificacións do itinerario. Os Complementos deben estar numerados e fechados. Os Concursantes ou membros dos equipos deben acusar recibo mediante asinamento.
Carnet de Control	Carné destinado a recoller os visados dos diferentes controis establecidos no itinerario. Este Carné debe ter unha páxina por sector. Debe preverse un Carné de control distinto para cada unha das seccións.
Treito cronometrado	Proba de velocidade en estrada, pechada ao tráfico normal.

**ANEXO IV
ENCARGADO DAS RELACIONS COS PARTICIPANTES****MISIONS PRINCIPAIS**

Informar a os concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir as reunións do Colexio de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de tódalas decisións tomadas.

A persoa nomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por iso e convinte:

- 1) Que leve unha identificación chamativa.
- 2) Ser presentado a os concursantes durante un briefing.
- 3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono móbil no regulamento particular, ou nun complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESENROLO DA PROBA

O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do meeting
- A Saída da proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque De custodia cando a chegada do RallyMix (na medida das súas posibilidades dependendo do horario do RallyMix).

Función

- Dar a os que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se plantexen.
- Dar tódalas informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenrolo da proba.

Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas, e solicitudes satisfactorias, para evitar as reclamacións (ex. Precisa-las dúbidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O encargado das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.

ANEXO V

1) ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE

a) Plan de Seguridade: Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de ubicación da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.
- Responsables de Seguridade (en cada treito cronometrado).

Os directores dos diferentes servizos de seguridade:

- Garda Civil.
- Vehículo de rescate.
- Hospital.
- Servizo Médico de Urgencia.
- Bombeiros.
- Servizos de grúas.
- Centros asistenciais.

Itinerario completo con detalle dos sectores de enlace.

Plans de seguridade do treito cronometrado.

b) Xefe de Seguridade Vial: No Regulamento particular do RallyMix nomearase un Xefe de Seguridade Vial, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade.

Durante o RallyMix estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída do treito cronometrado (por teléfono e por radio).

Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido en cada treito cronometrado por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade co Plan de Seguridade.

c) Control: O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

2) SEGURIDADE NO TREITO CRONOMETRADO:

a) Servizos de asistencia: Na saída de cada treito cronometrado:

- 1 vehículo de rescate.
- 2 ambulancias equipadas. (1 UVI Móbil, e unha asistencial).
- 1 equipo de socorristas.
- 2 grúas.
- 1 servizo de bombeiros.

Nun punto intermedio para as probas de máis de 10 quilómetro.:

- 1 médico.
- 1 ambulancia equipada.
- 1 equipo de socorristas.

De acordo coa perigosidade, estes mínimos incrementaranse :

- récord do treito entre 100 e 110 quilómetro/h, o dobre do mínimo de ambulancias.
- récord do treito superior a 110 quilómetro/h, o dobre do mínimo de ambulancias máis un médico reanimador.

Caso de non dispoñer do récord del treito, a Organización deberá dispoñer os medios para cubrir calquera posible emerxencia. Así mesmo deberá funcionar un sistema de comunicación de forma que a Organización poida informarse con rapidez e actuar con eficacia ante calquera posible incidente ou accidente.

b) Medidas preventivas. Sinalización: As estradas e camiños de acceso aos treitos cronometrados deberán estar pechados á circulación.

Intervención: Sobre o percorrido estableceranse postos de Comisarios con obxecto de:

- Facer respectar os lugares prohibidos aos espectadores, coa axuda de carteis, cintas, pitos e altavoces.
- Sempre que sexa posible, advertir ós equipos por medio de bandeiras amarelas.

Información: Unha información destinada principalmente ao público realizarase por distintos medios:

- Periódicos, revistas, radio e televisión.
- Taboleiros con avisos.
- Distribución de folletos.
- Paso polo percorrido dun vehículo equipado con altavoces que permitan informar ao público (de 45 minutos a 1 hora antes da saída do 1er. vehículo).

c) Vixilancia: Os vehículos da Organización (vehículos de seguridade) deberán levar un cartel de 36 cm x 50 cm sobre o capó dianteiro e sobre as dúas portas dianteiras, no que apareza a palabra SEGURIDADE, cun número 0 (peche dos treitos), e co número 00 (apertura dos treitos). O vehículo escoba de fin de Rallye deberá levar un cartel das mesmas dimensións sobre o que figurará unha bandeira a cadros ou no seu defecto, levar una bandeira a cadros. Como mínimo haberá dous vehículos de seguridade dos que, polo menos, un será conducido por un oficial con gran experiencia, o que, poderá dar toda a información que sexa precisa e si e necesario, avisar ao Director de Carreira de calquera incidente. Unha rede de radio (con unha implantación polo menos cada 3 quilómetros), específica para o treito cronometrado, permitirá o seguimento dos vehículos e a vixilancia do desenrolo do RallyMix.

d) Evacuación: Debe preverse un itinerario de evacuación para o treito cronometrado. Os servizos de urgencia dos hospitais deben estar en estado de alerta.

3) SEGURIDADE NOS SECTORES DE ENLACE: O itinerario-horario deberá ter en conta as dificultades de circulación e a travesía de poboacións e cidades.

O condutor e o copiloto deberán levar:

- casco homologado en tódolos treitos cronometrados.
- roupa ignífuga homologada.
- cinturón de seguridade en todo o percorrido da proba.

ANEXO VI

PROBA: 4º RALLYMIX CONCELLO DE TOURO ITINERARIO HORARIO

NON SERÁ APROBADO NINGÚN REGULAMENTO PARTICULAR, QUE NON VEÑA ACOMPAÑADO DO LIBRO DE RUTA, MANUAL DE SEGURIDADE, E DA FOLLA DE SOLICITUDE DO TREITO E HORARIO DE PECHER PARA A CELEBRACIÓN DO RALLYMIX, ASINADOS POLO XEFE DE SEGURIDADE VIAL, DO DIRECTOR DA PROBA, E DO PRESIDENTE DA ESCUDERIA.

ANEXO VII

CARAVANA RALLYMIX:

En tódolos rallymix a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:

Megafonía: Sairá ó treito, para informar ós espectadores, 40 minutos antes da saída do número 1.

Xefe de Seguridade Treito: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito antes da hora de peche, para acomete-lo peche e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito.

Observador Federación: Sairá diante do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do treito.

Xefe de Seguridade Vial: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do Treito, e comprobar que todo está en perfecto orden para o inicio do treito.

Director de Proba na estrada. Vehículo "0" (Verde): Despois de ser informado polo Xefe de Seguridade Vial do rallye dará a orden oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá o mesmo para comprobalas medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Aficionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarrúas, Bombeiros, etc.), e o chegar ó final do treito e comprobalas medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

Vehículos participantes: Acatarán as ordes do Comisario de Saída, e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito.

Xefe de Seguridade Treito: Calquera incidencia ou accidente, ocorrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina do rallye, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarceracións, desordenes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenrolo do treito.

Escoba na estrada. Vehículo "00" (Vermello). Despois de finalizado o paso de tódolos participantes, transcorrido o tempo regulamentado, saíra ó treito e recollerá os carnés de ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o treito a circulación dos afeccionados despois do seu paso.

Advertencia: Ningún vehículo de competición poderá exercer as funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilízalos, así como da inhabilitación das licenzas de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana do rallye terá que ter licenza de oficial CD para facelo seu cometido.

Comisarios Deportivos/Comisarios Técnicos: En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, GA-CD1^a ou GA-JOC1^a, obrigatoriamente.

Nova normativa Comisarios Técnicos: Despois de finalizada a súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, e a tenor do estudio das follas de cor amarelo, emitirase unha acta-informe que grampada coas follas, serán entregadas polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibí da entrega na copia.



5º RALLYMIX A GUDIÑA 2018

15 e 16 de Setembro de 2018

MODELO A IMPLANTAR DE OBRIGADO CUMPRIMENTO EN TODOLOS RALLYMIX 2018

COCHE Nº



KMS. 10,500

CARNET DE RUTA

TERCEIRA PASADA TREITO 1 SABADO

Nº VEHÍCULO
ANTERIOR

HORA TEÓRICA DE CONTROL DE PRESAIDA

Asdo: Comisario



MOI IMPORTANTE:

2.5.- Calquera participante que non saia no seu número correspondente penalizará 30 segundos, coa salvidade de que se non sae antes do derradeiro participante contabilizarase como non saído no treito. A normativa faise para favorecer as reparacións dos equipos que o precisen, cunha penalización tasada. 2.7.- Calquera equipo que non finalice unha manga, daráselle o tempo do peor clasificado, na mesma manga, de cada Agrupación. Para aparecer na clasificación final terase que completar alomenos un treito ó completo por día (Sábado e Domingo).

Nota: Antes de cada manga entregarase ós participantes, polos relacións cos participantes (con sinatura de recibi), o carnet de ruta coa hora de saída. **Cada manga terá un carnet de ruta de diferente cor.** Ó sonar as sirenas marinas, durante un minuto, indica o comezo do treito. Ppara non tomar a saída manga deberá presentar petición por escrito ó Colexio de Comisarios Deportivos, a través do Relacións cos Participantes.